

DATOS IDENTIFICATIVOS DO ELEMENTO CATALOGADO

NOME: Pazo de Bugall/Pazo da Parda

CÓDIGO PLANEAMENTO: 49
CÓDIGO GA:

LOCALIZACIÓN

LUGAR: A Parda
PARROQUIA: Virxe do Camiño, A
COORDENADAS X/Y:
530297.76 / 4696236.46

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo non urbanizable de protección especial
CÓD. PLANO INF.: PINF_14PATRIM
CÓD. PLANO ORD.: PORD_02.1USOS
CÓDIGO SU/SNR/SUB:

CLASIFICACIÓN, CATEGORÍA, TIPO E INTERESE

CLASIFICACIÓN: Catalogado (os escudos BIC)
CATEGORÍA: Monumento
TIPO: Ben Inmoble
INTERESE: Arquitectónico

DESCRICIÓN

O pazo, como edificación principal do conxunto, presenta planta en forma de U na que destaca como elemento central na fachada sur o volume dunha robusta torre, na que se localiza un escudo, rematada con merlóns e gárgolas con forma de canón. Os muros son de cantaría e os ocos de certa dimensión e directriz vertical cunha disposición que axuda a conformar unha imaxe moi sobria e equilibrada. As cubertas son en xeral a varias augas e con remte de tella curva. Cara ao interior da parcela, onde existe distinta vexetación e unha fonte, apréciase a presenza de unha galería na parte central e de un balcón e unha solaina nas partes extremeiras da planta en U, neste último caso soportados por canzorros de pedra e contando a solaina con cubrición sobre estilizadas columnas. Adosada á edificación principal atópase unha capela de planta rectangular, con acceso dende o interior e dende a rúa. A fachada ao espazo público presenta como remete unha pequena espadana con campá e varios elementos decorativos mentres que no interior alberga un retablo barroco con columnas salomónicas. Tamén na fachada sur se localiza un hórreo con cámara de pedra e doelas verticais apoiado en tornarratos e pés do esmo material que á súa vez descansan sobre un celeiro con acceso dende o interior. O antedito hórreo conta con cuberta rematada en tella curva e sobre os costais cadanseu elemento decorativo: cruz e pináculo. A parcela conta con varios accesos mediante portadas con elementos decorativos (cruz e merlóns), sendo a máis importante a norte, que conta cun gran acceso alintelado sobre o que descansa un escudo e coa escultura dun león a cada lado. Existen ademais outras edificacións como a casa dos caseiros, que data do s. XIX, ou edificacións auxiliares tradicionais.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

Bo

DETERMINACIÓNS PARA A SÚA CONSERVACIÓN

Eliminación da vexetación de colonización existente sobre os paramentos exteriores das edificacións e do peche da parcela que ameaza a súa integridade. Mentemento periódico tando das construcións como da vexetación de interese existente na parcela para evitar danos ou a súa desaparición. Preservación daqueles elementos e mobiliario interiores (pavimentos, elementos decorativos, carpintarías, mobles, etc.) que aporten valor e contexto histórico ao conxunto.

NIVEL DE PROTECCIÓN

Protección integral.

ACTUACIÓNS AUTORIZABLES

Aquelas permitidas en relación ao nivel de protección do elemento (art. 42.1 da LPCG), así como as recollidas no PXOU que resulten compatibles coa normativa sectorial vixente.

ORDENANZA DE APLICACIÓN: Finca singular

ACTUACIÓNS ADICIONAIS CORRECTORAS: Mellora do alumeadado público, retirada de sinais, soterramento de tendidos aéreos e acondicionamento dos pavimentos do viario adxacente ao ben de xeito que contribúan xunto con aquel á conformación dunha paisaxe de maior calidade no interior do núcleo.

TITULARIDADE USO ACTUAL

Privada Residencial

CONTORNO DE PROTECCIÓN

Contorno específico.


DESCRICIÓN DO CONTORNO

O contorno abrangue o espazo adxacente ao pazo nos que se inclúen as zonas de núcleo con presenza de edificacións tradicinais, e a canle de auga e a vexetación de rieira e ornamental máis próximas aos muros da parcela na que se localiza o conxunto.

BIBLIOGRAFÍA

Pazos de Galicia. Víctor Nogueira. Edicións NigraTrea. 2008

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA



● Elemento □ Perímetro ... Contorno de protección

FOTOGRAFÍAS DO ELEMENTO



Vista da fachada sur do pazo



Vista do hórreo e da capilla



Vista do acceso norte á parcela



DATOS IDENTIFICATIVOS DO ELEMENTO CATALOGADO

NOME: Pontella de pedraCÓDIGO PLANEAMENTO: A-01_PIA-VP
CÓDIGO GA:

LOCALIZACIÓN

LUGAR: A PardaCLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo urbanizable
PARROQUIA: Virxe do Camiño, ACÓD. PLANO INF.:
COORDENADAS X/Y: 530433.52 / 4696521.68CÓD. PLANO ORD.: PORD_02.1USOS
CÓDIGO SU/SNR/SUB:

CLASIFICACIÓN, CATEGORÍA, TIPO E INTERESE

CLASIFICACIÓN: CatalogadoTIPO: Ben Inmoble
CATEGORÍA: MonumentoINTERESE: Arquitectónico

DESCRICIÓN

Pequena pontella de un van con muros laterais de soporte de cachotería de pedra e cobertura de lousas, con forma sensiblemente rectangular, do mesmo material dispostas unhas a carón de outras. Na actualidade atópase parcialmente oculta pola presenza de terra e cobertura vexetal.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

Bo

DETERMINACIÓN S PARA A SÚA CONSERVACIÓN

Retirada de terra e cobertura vexetal tanto da superficie superior das lousas como das inmediacións dos dous puntos de soporte das mesmas, de xeito que poda apreciarse o ben.

NIVEL DE PROTECCIÓN

Protección integral.

ACTUACIÓN S AUTORIZABLES

Aquelas permitidas en relación ao nivel de protección do elemento (art. 42.1 da LPCG), así como as recollidas no PXOU que resulten compatibles coa normativa sectorial vixente.

ORDENANZA DE APLICACIÓN: O-EL

ACTUACIÓN S ADICIONAIS CORRECTORAS: Levaranse a cabo labores periódicas de conservación e mantemento fronte aos efectos tanto da acción das augas da canle que cruza como da colonización por elementos vexetais .

TITULARIDADE	USO ACTUAL
Privada	Viaro

CONTORNO DE PROTECCIÓN


Contorno específico.

DESCRICIÓN DO CONTORNO

O contorno establécese no espacio adxacente ao ben, incluíndo parte das dúas marxes da canle de auga que cruza así como vexetación de ribeira existente nelas.

BIBLIOGRAFÍA

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA



● Elemento □ Perímetro ▤ Contorno de protección

FOTOGRAFÍAS DO ELEMENTO



Vista lateral do elemento



Vista do piso da pontella



Vista do piso da pontella

